

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 8 de marzo de 2021, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publican a orde de prelación e a puntuación definitiva obtida polas persoas aspirantes admitidas no proceso de actualización das listas de selección temporal de diversas categorías de persoal estatutario.

O vixente Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal do Sistema público de saúde de Galicia, publicado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 13 de xuño de 2016 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 123, do 30 de xuño), regula na súa norma II.4.4 a xeración e publicación das listas.

Pola Resolución do 21 de xaneiro de 2021 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 18, do 28 de xaneiro) publicáronse os resultados provisionais de baremación dos/das aspirantes admitidos/as nas categorías de enfermeiro/a especialista en enfermaría de saúde mental, enfermeiro/a especialista en enfermaría do traballo, enfermeiro/a especialista en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiro/a especialista en enfermaría obstétrico-xinecolóxica (matrón/a), enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica, médico/a de familia, médico/a de urxencias hospitalarias e pediatra de atención primaria.

A Orde do 27 de novembro de 2020 pola que se aproba e publica o Plan de continxencia en materia de recursos humanos (COVID-19), pactado na mesa sectorial de negociación do persoal estatutario (*Diario Oficial de Galicia* núm. 242, do 1 de decembro), recolle, como unha das medidas para incrementar o número de aspirantes dispoñibles nas listas de selección temporal, a anticipación da publicación dos resultados definitivos dos correspondentes procesos de actualización, priorizando as categorías deficitarias.

En cumprimento do dito compromiso, finalizado o prazo de impugnación contra a citada resolución e analizadas as reclamacións presentadas, este centro directivo, de conformidade co anexo I, base novena, da Resolución do 12 de setembro de 2013,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a orde de prelación e a puntuación definitiva obtida polas persoas aspirantes admitidas no proceso de actualización das listas para a formalización de nomeamentos estatutarios temporais no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia nas categorías de enfermeiro/a especialista en enfermaría de saúde mental, enfermeiro/a



especialista en enfermaría do traballo, enfermeiro/a especialista en enfermaría familiar e comunitaria, enfermeiro/a especialista en enfermaría obstétrico-xinecolóxica (matrón/a), enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica, médico/a de familia, médico/a de urxencias hospitalarias e pediatra de atención primaria.

Segundo. As listas co número de orde e a puntuación definitiva obtida polas persoas aspirantes admitidas atópanse publicadas, á disposición das persoas interesadas, na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a aspirante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, e con carácter previo, poderase interpoñer recurso de reposición ante este mesmo órgano nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarto. As listas entrarán en vigor con efectos do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2021

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos

